



Fernández Paz (dereita na imaxe da esquerda) e Mouriño Cuba (no centro da outra) presentaron os seus libros. C. ARIAS

Verbas chairegas para a terra

- O vilalbés Agustín Fernández Paz publica un libro que, sen ser autobiográfico, ten a Vilalba como protagonista
- José Mouriño Cuba presenta en Lousada unha obra poética adicada á parroquia xermadesa que o viu crecer

CRISTINA ARIAS

✉ carias@elprogreso.es

VILALBA. Verbas chairegas de escritores chairegos. Froito da semente dunha terra que viu nacer a moreas de escritores, dous libros máis súmanse á longa lista de obras publicadas ao redor da Terra Chá. O vilalbés Agustín Fernández Paz e o xermadés José Mouriño Cuba acaban de presentar rodeados de decenas de amigos, familiares e antigos compañeiros, sendos libros adicados á comarca chairega, 'O rastro que deixamos', con Vilalba como protagonista da memoria, e 'Lousada, un berce de lecer', unha obra poética adicada á parroquia de Xermade.

Fernández Paz, un dos nomes

máis destacados da literatura nacional xuvenil, deixa ver ao través de 'O rastro que deixamos', unha obra «conformada por textos escritos por azares e non autobiográfica», a memoria da súa infancia, os recordos da nenez e da mocidade. Ademais, revela nunha segunda parte a súa paixón pola lectura e a escrita e fai un repaso pola súa traxectoria no oficio de mestre «por vocación» e de escritor, xa na madurez e despois de descubrir a través das traducións dos grandes autores europeos, que «a literatura infantil e xuvenil podía ser formidabile e entusiasmarnos a nós e aos mozos por igual», explicaba o autor.

«Estabamos moi ocupados en

cambiar o mundo dende a escola, pero o proceso de escribir foi unha bola de neve», comentou Fernández Paz no transcurso da presentación do seu libro, que se desenvolveu nunha ateigada casa da cultura de Vilalba da man do Iescha e Edicións Xerais.

«Vilalba é protagonista deste libro, no que aparecen persoas, alcumes, lugares...», destacou Fernández Paz, que bromeou con que unha das cousas que máis lle gusta deste libro é o índice onomástico e a súa «democracia»: «Aparecen persoas e sitios que foron importantes para min e nel a miña avoa Amadora comparte espazo con García Márquez».

Da casa de cultura de Vilalba

á escola do Pazo de Lousada, en Xermade, que colleu o relevo para acoller un acto de presentación doutra obra en clave chairega, 'Lousada, un berce de lecer'.

O autor da obra, un emocionado José Mouriño Cuba, xefe do servizo de control de calidade agroalimentaria da Xunta, que recoñeceu que falar ante un auditorio tan familiar era máis com-

Moreas de amigos, familiares e coñecidos dos autores estiveron presentes nos dous actos, ambos moi emotivos para os escritores

plicado que facelo na Unesco, repasou as súas vivencias e recordos na antiga escola e os anos na súa parroquia xermadesa.

«O de traballar na agricultura non me ía moito», dixo, e definiuse como «desertor do seu destino», pero recoñeceu que escribir sempre lle gustou, aínda que sempre lle faltou tempo, horas que está a recuperar agora.

O xermadés é un escritor moi activo. Xa publicou un libro adicado ao mundo labrego baixo o título de 'Raiolas da Ribeira Sacra' e o ano que vén sacará outro sobre o San Simón. En breve presentará un sobre mercados da provincia de Lugo e escribirá, dixo, outro sobre Lousada.